kalandraka

Texto: **BONIFACE OFOGO**
Ilustracións: **ELISA ARGUILÉ**
Tradución: **SILVIA PÉREZ**




Encadernado en cartoné. 26,5x21 cm.
40 páxinas. Ilustracións a toda cor
Dispoñible en:

-Galego: "O león Kandinga"
MareMar. ISBN 978-84-8464-711-9

-Castelán: "El león Kandinga"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-01-0

-Catalán: "El lleó Kandinga"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-936667-5-0

-Portugués "O leão Kandinga"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-10-0

Prezo: 14 €

# O LEÓN KANDINGA

**Había unha vez, hai moitos anos, un león chamado Kandinga.**
**Era o león máis poderoso e tamén o máis malvado.**
**A súa maldade era tal que chegou a devorar os seus amigos para saciar a fame.**
**Por iso, quedou só. Os seus amigos, a súa muller e os seus fillos abandonárono.**

A historia de Kandinga atesoura a sabedoría dos pobos africanos, a súa milenaria tradición oral e a riqueza da súa cultura. Un relato que invita a unha viaxe imaxinaria ata a recóndita sabana para coñecer os seus habitantes: crocodrilos, elefantes… E exercendo a súa hexemonía sobre todos eles, o león.

O protagonista desta fábula é un rei -enfermo, vello e abandonado- vido a menos pola súa crueldade. O egoísmo e a avaricia son malos compañeiros de viaxe, non só para os animais salvaxes, senón tamén para as persoas...

Boniface Ofogo propón unha reflexión sobre o comportamento humano e pon a experiencia do seu pobo natal ao servizo dos lectores para que aprendan esta moralexa: "Se tes moito, é bo compartir cos que non teñen nada". Elisa Arguilé acompaña o texto cunhas ilustracións de estilo primitivo que destacan pola súa forza expresiva e os contrastes de cor.

"O león Kandinga" forma parte da inesgotable tradición oral dos bantú, unha tribo que vive nas sabanas e selvas africanas, dende o centro de Camerún ata Sudáfrica. A maioría son lendas que recrean a estreita relación do ser humano co medio natural. KALANDRAKA inicia así un percorrido polo mundo, da man de contadores de contos nativos daqueles lugares dos que proceden historias tan fascinantes como esta.



**BONIFACE OFOGO** (Omassa, Camerún)

Naceu e criouse nunha aldea do interior de Camerún. Chegou a España en 1988 para estudar Filoloxía Hispánica e en 1992 comezou a traballar como narrador. Exerceu de Mediador Intercultural no Concello de Madrid, pero dende 2005 adícase en exclusiva a percorrer escolas, bibliotecas e centros culturais relatando historias de valor didáctico e cultural. É especialista en fábulas, lendas, mitos e tradicións da África negra. Actuou por toda España (Maratón de Contos de Guadalaxara, o Fórum das Culturas de Barcelona en 2004, os Festivais de Oralidade de Xaca e Elxe). Tamén visitou Francia, Brasil, Costa Rica, Colombia e Arxentina.

**ELISA ARGUILÉ** (Zaragoza, 1972)

Estudou Gravado na Facultade de Belas Artes de Madrid e as súas primeiras ilustracións foron para editoriais e axencias de comunicación. En 1999, logo de ter traballado como escultora, muralista e ilustradora para unha compañía de títeres, desembocou na literatura infantil. Dende entón ilustrou numerosos álbums para nenos. Entre outros galardóns, recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial 2006, o Premio Nacional de Ilustración 2007 e o Premio Cidade de Alicante de Álbum Ilustrado 2002.

- **Temática**: conto tradicional africano
- **Idade recomendada**: dende 7 anos
- **Aspectos destacables**: relato da tradición oral bantú (Camerún); historia con moralexa
- **Aplicacións**: reflexión sobre valores (solidariedade, xenerosidade); coñecemento do medio: flora e fauna da sabana, diferencias entre animais herbívoros e carnívoros; historia e xeografía dos países e pobos africanos.